

RESOLUCIÓN reitoral do 3 de xuño de 2025 pola que se publica a convocatoria para a inclusión de asociacións estudantís, de nova creación, da Universidade de Vigo no censo público desta universidade.

No articulado do Real decreto 1791/2010 do 30 de decembro que aproba o Estatuto do estudante universitario, se establece que as universidades impulsarán a participación estudiantil en asociacións como expresión da formación en valores de convivencia e cidadanía, promoverán a constitución de asociacións, e na medida das súas posibilidades habilitarán os medios para o desenvolvemento de actividades e funcionamento das asociacións, dispoñendo para iso dun rexistro ou censo de asociacións estudantís.

O Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo (DOG do 26 de maio de 2021) recolle o dereito de asociación destes e a súa inclusión no censo público sempre que se constitúan de acordo coa lexislación vixente, polo que en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar o proceso para a inclusión de asociacións estudantís, de nova creación, da Universidade de Vigo no censo público desta universidade.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte, da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 31/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



BASES que regulan a convocatoria para a inclusión no censo de asociacións estudantís de nova creación da Universidade de Vigo

1.- Introducción

Todo o estudantado ten dereito a asociarse libremente dentro da comunidade universitaria para velar polo cumprimento dos seus dereitos e deberes, potenciar a participación en todos os ámbitos e contribuír aos fins da universidade.

Poderá promover asociacións o estudantado da Universidade de Vigo, que se atope en pleno uso dos seus dereitos académicos e que libremente acorde servir os fins enunciados nos seus propios estatutos.

A porcentaxe de membros estudantes da Universidade de Vigo da asociación estudantil ten que ser igual ou superior ao 50% do total de persoas asociadas.

As asociacións poden ser:

Ámbito xeral: son aquelas que dirixen a súa actividade ao conxunto da comunidade universitaria, tendo asociados en diversos centros e unha actividade cultural e social que responda aos intereses de persoas e colectivos amplos.

Ámbito sectorial: son aquelas que restrinxen as súas actuacións a actividades sectoriais ou as que só teñen presenza nunha titulación ou nun ámbito reducido.

O Consello de Goberno, trala audiencia das persoas responsables das asociacións, poderá dar de baixa no seu rexistro de asociacións da universidade, con carácter temporal ou definitivo, ás que incumpran grave e reiteradamente os compromisos que figuran no Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo.

2. Solicitantes, documentación, prazo e lugar de presentación

Requisitos solicitantes:

Poden solicitar a inclusión no censo público as asociacións con certificación da súa condición de asociación estudantil legalizada pola Xunta de Galicia e na cal a porcentaxe de membros estudantes da Universidade de Vigo sexa igual ou superior ao 50 % do total de persoas asociadas.

A persoa que ostenta o cargo da presidencia ou secretaría da asociación estudantil, deberá cumprimentar os formularios da solicitude de inclusión, anexo I, e dos datos requiridos no anexo II.

Lugar de presentación e documentación:

Os formularios anteriores, xunto coa documentación que se indica no seguinte parágrafo, se presentarán a través da sede electrónica da Universidade de Vigo mediante o proceso “XSER - Instancia Xenérica” (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/22615858>), indicando no asunto “Inclusión censo Asociacións- servizo de Xestión da Extensión Universitaria”,

Documentación a achegar xunto coa solicitude:

- Anexo II: Compoñentes actuais da xunta directiva, como mínimo a presidencia, secretaría e tesourería teñen que pertencer ao colectivo de estudantes da Universidade de Vigo.
- Acta de constitución da asociación estudantil, debidamente asinada por todos os promotores.



- Certificación da súa condición de asociación estudantil legalizada pola Xunta de Galicia.
- CIF da asociación: copia.
- Estatutos da asociación estudantil, asinadas en todas as páxinas polos promotores e visados pola Xunta de Galicia e adaptados segundo o establecido na lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo (BOE do 26).
- Copia do libro de persoas asociadas: conterá o nome e apelidos, DNI/NIE e a titulación na que se atopan matriculados os membros da asociación estudantil que sexan estudantes da Universidade de Vigo. Para efectos de comprobar a porcentaxe de estudantes, terase en conta a matrícula no curso correspondente á data de presentación da solicitude.
- DNI/NIE da persoa que ostenta a presidencia e do resto de compoñentes da xunta directiva: copia.
- Programa de actividades para o curso actual cunha breve descrición de obxectivos e contidos, e orzamento de gastos e ingresos previstos. Tanto os obxectivos e contidos coma o orzamento ten que estar aprobados en asemblea, polo que é preciso que remitan unha copia da acta na que se aprobaron, debidamente asinada

Prazo de solicitudes: Iníciase o día seguinte da publicación da convocatoria no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo e estará aberto ata a publicación dunha nova convocatoria de inclusión no censo de asociacións.

Non se admitirán a trámite as solicitudes presentadas por outras vías.

Tamén se lle poderá requirir, se fose necesario, que acheguen a documentación que se estime oportuna para poder aclarar calquera información que fose de utilidade para poder levar a cabo a concesión da inclusión solicitada.

3. Tramitación.

Unha vez recibidas as solicitudes comprobarase toda a documentación presentada.

O Servizo de xestión da extensión universitaria notificará a través da sede electrónica á asociación estudantil solicitante que, no caso de existir algunha disconformidade na documentación revisada, no prazo improrrogable de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte desta notificación, emende as faltas ou acompañe os documentos necesarios, transcorrido este prazo sen recibir a subsanación, archivarase a súa solicitude inicial sen máis trámite.

A persoa que ostenta a presidencia ou a secretaría presentará a documentación requirida para a subsanación a través da sede electrónica da Universidade de Vigo mediante o procedemento “Emenda e mellora da solicitude” (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1259161>) e facendo referencia ao número de rexistro da solicitude inicial.

Se a documentación recibida está completa e cumpre os requisitos establecidos na convocatoria, será a Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes quen aprobe a inclusión no censo de asociacións estudantis da Universidade de Vigo, este feito, comunicaráselle á persoa solicitante a través da sede electrónica.

4. Tratamento de datos persoais:

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos



persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de organizar e xestionar os obradoiros, e amparados por esta convocatoria.

Conforme o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Universidade de Vigo está lexitimada para a publicación daqueles datos persoais que fosen precisos atendendo á natureza e finalidade do acto que sexa obxecto de publicación. Non obstante, e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal.

Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os citados dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderán dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, a través do enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



ANEXO I

Solicitud para a inclusión no censo público de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo (RR 3 de xuño de 2025)**Indicar o tipo de asociación:**

☐	Asociación consolidada de ámbito xeral con implantación en varios campus
☐	Asociación consolidada de ámbito xeral con implantación nun campus
☐	Asociación sectorial

Datos da asociación solicitante:

Nome da asociación:	
CIF da asociación:	
Persoa que representa a presidencia ou representante legal	
Tfno.de contacto:	e-mail:
Nº de membros totais que constitúen a asociación:	
Nº de membros que son estudantes da Universidade de Vigo:	
Enderezo a efectos de notificación:	

AUTORIZACIÓN DA PRESIDENCIA DA ASOCIACIÓN ESTUDANTIL PARA PUBLICAR NA WEB DA UNIVERSIDADE DE VIGO OS SEGUINTE DATOS:

Nome da Asociación Estudiantil:
Siglas:
Presidente/a:
Enderezo:
Enderezo web:
Teléfono de contacto fixo:
Teléfono de contacto móbil:
Correo electrónico:



ANEXO I

Solicitud para a inclusión no censo público de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo (RR 3 de xuño de 2025)**II . DECLARACIÓN RESPONSABLE**

A persoa que ostenta a presidencia ou secretaría da asociación estudiantil, abaixo asinante, manifesta:

- Que todos os datos da solicitude e documentos achegados para a inclusión no censo de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo son verdadeiros e se compromete a achegar os documentos que así o acrediten.
- Que coñece e entende todos os termos da convocatoria, onde se expresa, tamén, que ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.
- Que manifesta contar co consentimento de terceiras persoas para facilitar os seus datos e se compromete a trasladarlle a información contida na convocatoria, eximindo á Universidade de Vigo de calquera responsabilidade neste sentido.
- Que autoriza a publicación no portal web da Universidade de Vigo dos datos especificados no apartado anteriormente cumprimentado, de “*Autorización da presidencia da asociación estudiantil para publicar na web da Universidade de Vigo*”.
- Que, xunto con esta solicitude, achega nun só ficheiro en formato .pdf a documentación que se especifica na base 2 da resolución reitoral do xx de xx de 2025.

Vigo, na data da sinatura electrónica
(nome e apelidos da persoa que ostenta a presidencia ou secretaría)



ANEXO II

Inclusión no censo público de asociacións estudantís da Universidade de Vigo (RR 3 de xuño de 2025): Compoñentes da xunta directiva

Nome da asociación:

PRESIDENCIA:

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:

VIPRESIDENCIA:

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:

SECRETARIA:

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:



ANEXO II

Inclusión no censo público de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo (RR 3 de xuño de 2025): Compoñentes da xunta directiva

TESOURERÍA:

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:

VOGAIS

(utilizar tantas como sexan necesarias)

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:



ANEXO II

**Inclusión no censo público de asociacións estudiantís da Universidade de Vigo
(RR 3 de xuño de 2025): Compoñentes da xunta directiva**

Apelidos e nome:
DNI /NIE:
Estudiante de: (titulación na que está matriculado)
Facultade /Escola:
Enderezo persoal:

Vigo, na data da sinatura electrónica

Sinatura:

(nome e apelidos da persoa que ostenta a presidencia ou representante legal)

